

## ACTA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DO 13 DE XANEIRO DE 2024. CERTIFICACIÓN.

En Ourense, no salón de actos da Casa da cultura (Rúa Concello núm. 11) reunidos en segunda convocatoria conforme ao acordo realizado pola Xunta directiva á Asemblea xeral de socios e socias do Cineclube Padre Feijoo (CCPF), iníciase a Asemblea ordinaria ás 12,30 do sábado 13 de xaneiro de 2024, seguindo a orde do día prefixada:

1.- Aprobación da acta anterior, infome das memorias de actividades e económicas referidas ó ano 2023, balance económico e de contas.

1.1.- Aprobación da acta ordinaria do 9 de xaneiro de 2023 que remitiuse ás persoas asociadas ao Cineclube coa presente convocatoria en tempo e forma, ao través da web da sala de máquinas do cineclube. O secretario procedeu a presentala e someteuse a votación dos presentes, sendo aprobada por unanimidade.

1.2.- Deuse conta das memorias de actividades e económicas referidas ao ano 2023, e presentarónse os balances económicos e de contas, que tamén foron remitidas coa convocatoria da asemblea á totalidade das persoas asociadas mediante QR e enlace ao apartado web [salademaquinas.wordpress.com](http://salademaquinas.wordpress.com). O presidente procedeu a lembrar os datos globais: patrimonio neto pasivo e total activo 91.244,20 euros do balance, 8.678,77 euros no resultado do exercizo da conta de perdas e gañanzas abreviada, así como da memoria económica e de actividades, a comparación co ano anterior, onde se proxectaron 92 proxeccións de 72 filmes (12 proxeccións e 7 filmes menos en correspondencia do anterior), someténdose a votación dos presentes e que resultou aprobado todo, por unanimidade.

2.- Aprobación se procede de orzamento económico e proxecto de actividades e investimentos para o ano 2024. O presidente toma a palabra para presentar por orde o proxecto de actividades, coa previsión de realizar 22 sesións de filmoteca (luns) e 21 sesións de ciclo (mércores), así como outras proxeccións extraordinarias. O orzamento económico con 23.000 euros previstos de ingresos e 22.900 euros de gastos e lembrando o proxecto de investimentos vixente da anterior asemblea con cargo aos remanentes por valor de 59.956,74 euros para renovación de equipos de proxección e da edición dun libro sobre os cineclubes de Ourense. Resalta o carácter continuista e equilibrado dos mesmos, que sometidos a votación dos presentes, son aprobados por unanimidade.

3.- Suxestións, pregos e preguntas. Abriuse a quenda participativa na que explicáronse 2 cuestións relacionadas co abandono do Teatro Principal e do proceso das vindeiras inversións para ir renovando os equipos de proxección do cineclube.

E cando son as 13,45 sen máis asuntos que tratar, deuse por rematada a presente asemblea, do que como secretario dou fe co visto e prace do presidente.

En Ourense, 13 de xaneiro de 2024.

Asinado

Iñaki Novoa Bastida

Secretario do CCPF

Visto e prace

Manuel Precedo Barbeito

Presidente do CCPF

Limitase a visión completa deste documento  
por seguridade e en aplicación á protección de datos